

Teñen, ó meu xuízo, capacidade legal para esta escritura de CONSTITUCION DA "FUNDACIÓN COMPOSTELA ARQUITECTURA", e; -----

OUTORGAN

PRIMEIRO.- CONSTITUCION: -----

"FUNDACION COMPOSTELA ARQUITECTURA" que ten por obxecto "a promoción e defensa do patrimonio arquitectónico e paisaxístico de Galicia, a nivel nacional e internacional."". -----

Incorporo a esta escritura certificación expedida por dona María Amadora Rodríguez Carreira, na súa condición de Xefa do Servizo de Entidades Xurídicas e Corporativas da Consellería da Presidencia, Administracions Públicas e Xustiza da Xunta de Galicia, acreditativa de non existir ningunha fundación rexistrada coa denominación que pola presente se adopta. -

Rexirase pola Lei do Parlamento de Galicia 12/2006, de 1 de decembro, de fundacions de interese galego e polo regulamento que a desenvolve, Decreto 14/2009, de 21 de xaneiro, polo que se aproba o Regu-



lamento de Fundacions de interese galego, a Lei 49/2002, de 23 de decembro de Réxime Fiscal das Entidades sen fins lucrativos e Incentivos Fiscais ao Mecenazgo, polo R.D. 1270/2003, de 10 de outubro, polo que se aproba o Regulamento para a aplicación do Réxime Fiscal das Entidades sen fins lucrativos e Incentivos Fiscais ao Mecenazgo e, en especial, polos seus Estatutos incorporados a esta escritura, leídos polo Fundador, nos que se reseñan detalladamente a súa finalidade e obxeto fundacional, os destinatarios dos beneficios da Fundación, os seus órganos e réxime de goberno e demais contido esixido pola lexislación anteriormente citada. -----

QUINTO.- Solicitase, conforme a lexislación vixente que a Fundación que pola presente Constitúese sexa inscrita no Rexistro especial de Fundacions e sexa calificada como Fundación de interese galego. --

SEXTO.- Solicitase a exención regulada no artigo 45.1.A).b) do R.D. 1/1993 de 24 de setembro. -----

Fixen as reservas e advertencias legais, espe-



cialmente as relativas ao artigo 5 da Lei Orgánica 15/1999 de protección de datos de carácter persoal, a obriga de presenta-la primeira copia desta escritura na oficina liquidadora dentro do prazo dos próximos trinta días hábiles, e as demais advertencias legais, en especial as que se puidesen derivar da falsidade das declaracións. -----

Léolles ós señores comparecentes, por escolla súa, esta escritura, cuxo consentimento foi libremente prestado e eu, o Notario, dou fe de que o presente outorgamento adecuase integramente a legalidade e a vontade debidamente informada dos outorgante e interviñentes. Encóntrana conforme, ratificanse e asinan comigo, o Notario, que do seu contido, estendido tres folios de papel exclusivo para documentos notariais, serie AI, números 6221379, 6221378 e 6221377. DOY FE.

Siguen las firmas de los comparecientes. Signado y firmado El Notario autorizante. Rubricado y sellado. -----

SIGUEN DOCUMENTOS UNIDOS